

**V CONCURSO LETRAS GALEGAS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE CENLLE
MAIO 2026**

Xénero: cartel publicitario promocionando a lingua galega.

Premio: 3 premios.Un por categoría.

Dirixido a nen@s das etapas de infantil e primaria. Empadroad@s no Concello de Cenlle e/ou matriculados no CEIP Carmen García Carrasco.

Entidade convocante: Biblioteca Municipal de Cenlle.

Último día de entrega: xoves 7 de maio de 2026.

O próximo 17 de maio conmemórase o Día das Letras Galegas e a Biblioteca municipal de Cenlle participa na súa celebración.

Unha das propostas será este concurso para os cativos de infantil e primaria empadroados no concello de Cenlle e/ou matriculados no CEIP Carmen García Carrasco, de Cenlle.

O obxectivo é **acercalos ás letras galegas** fomentando a imaxinación e a creatividade e **fomentar a lectura**.

- ✓ Participarán cun cartel publicitario que promociione a lingua galega.
- ✓ Deseño libre: debuxo, collage con materiais diversos, acuarelas...
- ✓ O cartel deberá conter un slogan ou frase en **lingua galega**.

IMAXINA QUE TE ADICAS AO MUNDO DA PUBLICIDADE E QUE TES QUE CONVENCER AOS TEUS CLIENTES DO MARABILLOSA QUE É A LINGUA GALEGA. CREA UN CARTEL!!

BASES

1ª.-DIRIXIDO A:

Nenas e nenos de infantil e primaria empadroad@s no concello ou matriculados no CEIP de Cenlle.

2ª.-CATEGORÍAS:

- * CATEGORÍA 1: nen@s de infantil.
- * CATEGORÍA 2: nen@s de 6 a 8 anos.
- * CATEGORÍA 3: nen@s a partir de 9 anos.

3ª.-TEMÁTICA:

Lingua galega e letras galegas.

3ª.-PRAZO DE ENTREGA:

O prazo remata o xoves 7 de maio ás 18:30h.

4ª.-FORMA DE PRESENTACIÓN DAS CREAMENTOS:

Cartel feito a man en formato A3.

Lingua galega.

En folla aparte indícase nome e idade do participante.

5ª.-ENTREGA:

Na Biblioteca Municipal ou no Concello.

6ª.-PREMIOS:

3 premios, un por categoría.

7ª.-O XURADO:

Estará formado por tres persoas. Unha da biblioteca, outra do Ceip e outra do concello.

Cada membro puntuará con 1, 2 e 3 puntos as mellores creacións de cada categoría, sendo 3 puntos a máxima puntuación.

8ª.-GAÑADORES:

O fallo do concurso será publicado na web do Concello o día 15 de maio.

A entrega de premios terá lugar o día 15 na Biblioteca coa celebración do Día das Letras Galegas.

Neste acto farase entrega dos diplomas e premios de cada categoría e os carteis participantes serán expostos na biblioteca.

9ª.- ACEPTACIÓN DE BASES:

A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases.